



**MEMORIA DA ADDENDA DE MODIFICACIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LALÍN PARA AS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN NA CASA DE DON ÁLVARO, LALÍN (PONTEVEDRA)**

**MEMORIA TRANSPARENCIA**

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

**DECLARA:**

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou co Concello de Lalín o pasado 27/02/2024, unha addenda de modificación ao Convenio co Concello de Lalín para as actuacións de conservación na Casa de Don Álvaro, asinado con data 14/03/2023.

A cláusula terceira do antedito convenio establecía as obrigas do Concello de Lalín, da seguinte forma:

*“Pola súa banda, o Concello de Lalín, comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións e conservar e xestionar o acceso aos restos no ámbito dos terreos da súa titularidade”.*

O Concello de Lalín enviou mediante un escrito asinado o 8.02.2024 (Núm. De rexistro 2024/454833 do 12.02.2024) unha proposta de addenda do antedito convenio para modificar a cláusula terceira coa seguinte redacción:

*“Pola súa banda, o concello de Lalín, comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións e conservar e xestionar o acceso*





*aos restos no ámbito dos terreos da súa titularidade; así como asumir a dirección de obra con persoal municipal dado o grao de coñecemento que ten do inmovible e ao especial interese que ten o concello de Lalín na execución e seguimento das obras por ser propietario do inmovible e receptor final das mesmas.”*

Por todo o anterior, e de conformidade co exposto, as partes acordaron celebrar a referida addenda que tivo por obxecto a modificación da cláusula terceira, referente ás obrigas do Concello de Lalín.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

